

*REGULAMENTO DE
HONRAS, DISTINTIVOS E
PROTOCOLO*

CONCELLO DE SARRIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española de 1978 establece no seu artigo 137 *a organización territorial do Estado en municipios, provincias e nas Comunidades Autónomas que se constitúan, e determina que todas estas entidades gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses.*

No artigo 140 conságrase o principio de autonomía dos municipios, establecendo que *“o seu goberno e administración corresponde aos respectivos Concellos.”*

O Regulamento de Organización, Funcionamento e RéximeXurídico das Entidades Locais, Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, dedica parte do título VI, artigos 186 a 190, a regular as Honras e Distincións das Entidades Locais. Así, no artigo 189 sinálase que: *“as Corporacións Locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións ou utros distintivos honoríficos, co fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios, así como para acordar nomeamentos de fillos predilectos e adoptivos e de membros honorarios da Corporación, atendidos os méritos, calidades e circunstancias singulares que nos galardoados concorran e que serán aplicados con maior rigor en expediente que se instruírá para o efecto.”*

Non hai que esquecer á hora de redactar un regulamento a normativa xeral de precedencias no que afecta ás Corporacións Locais e sinalar a importancia do disposto no capítulo II, artigo 5, parágrafo 2, e artigo 6 do Real Decreto 2099/1983, do 4 de agosto, polo que se aproba o Ordenamento Xeral de Precedencias no Estado. Segundo o parágrafo 2 do artigo 5, *“nos actos oficiais de carácter xeral organizados polas Comunidades Autónomas ou pola Administración Local, a precedencia determinarase prelativamente, de acordo co disposto no presente Ordenamento, pola súa normativa propia e, no seu caso, pola tradición ou costume inveterada do lugar”.*

En virtude do artigo 6, *“a precedencia nos actos oficiais de carácter especial, determinarase por quen os organice, de acordo coa súa normativa específica, os seus costumes e tradicións e, no seu caso, cos criterios establecidos no presente Ordenamento”.*

Por todo iso, os Concellos, en virtude da súa potestade de autoorganización, necesitan regular as normas de funcionamento, organización e realización dos actos públicos municipais, os tratamentos, as precedencias, os símbolos, os atributos e usos oficiais, así como as distincións honoríficas que pode outorgar un Concello.

Este Regulamento de Honras, Distincións e Protocolo do Concello de Sarria, por un parte, pretende regular nunha única norma os aspectos da vida protocolaria local e, por outra, adaptarse á nova organización municipal, recollendo, ademais, algúns aspectos protocolarios non regulados na actualidade.

O Regulamento estrutúrase en cinco títulos, unha disposición adicional, unha disposición derogatoria e dous disposicións finais.

O título Primeiro, referido ao Protocolo, regula a orde de precedencia da Corporación municipal, os actos aos que asistirá e os distintivos do alcalde e os concelleiros, así como a creación dunha Comisión Especial de Protocolo que xogará un papel relevante á hora do cumprimento do disposto neste Regulamento.

O título Segundo, referente aos Actos Oficiais do Municipio, estrutúrase en seis capítulos.

Inclúese neste título un capítulo referente aos Irmandamentos con outras Cidades, institución de longa tradición que ten a súa orixe na Idade Media e que se ofrece como un mecanismo integrador de gran eficiencia para a mellor defensa dos intereses das comunidades hermanadas. Os irmandamentos fundaméntanse na existencia duns sólidos vínculos históricos e na recíproca vontade colectiva de creación duns lazos que, desde esa comunidade ou raíz de

afinidade histórica, faciliten unha relación equilibrada de entre ambas, a través dunha definición clara dos obxectivos que se perseguen.

As Exequias regúlanse no capítulo Cuarto deste título, así como o tema referente ao falecemento de membros da Corporación municipal e o de persoas que ostenten distincións municipais.

Neste segundo suposto, ademais de terse en conta as tradicións do lugar, estarase sempre ao que dispoña a familia do falecido, tentando conxugar sempre os seus desexos coas obrigacións institucionais. En todo caso, e na medida do posible, deberanse gardar e respectar todas as solemnidades que sexan precisas de conformidade co rango da persoa falecida.

O título Terceiro dedícase a e os títulos e Símbolos de que dispón.

No referente ao tema dos emblemas principais no presente Regulamento tentouse recoller de forma detallada ambos os símbolos da Vila.

O título Cuarto dedicouse ás Honras e Distincións, que incorpora novidades importantes.

Mantense a distinción da medalla da Vila de Sarria e os Fillos Predilectos e Adoptivos, debendo ser todos eles acordados en sesión plenaria.

Sinalar que se regula tamén, a existencia no Concello dun Libro de Ouro no que se recollerán todas as firmas e testemuñas das personalidades que visiten oficialmente o Concello, e, un Libro - Rexistro de Honras e Distincións, e no que se recollerán as referencias de expediente de concesión, motivacións, datos persoais, datas e acordos.

Por todo o exposto, considérase que a figura do Cronista Oficial de Sarria tanto en honra á súa tradición como á utilidade da súa tarefa historiográfica, é merecedora de ser revitalizada e de atopar a continuidade necesaria para desenvolver o pleno sentido da súa misión.

A tal obxectivo oriéntase o presente Regulamento, a través do cal se regula o contido material das actividades inherentes á condición de Cronista, así como o procedemento e condicións para o seu nomeamento.

En canto ao primeiro aspecto, a regulación aséntase nos principios fundamentais do carácter honorífico e gratuíto do título, e contéplase a redacción dunha "Memoria" anual e un "Proxecto de Actividades", como textos nos que se concreta o froito do labor do Cronista, creándose co tempo un corpus historiográfico de gran interese.

Polo demais, recóllese a tarefa consultiva do Cronista e os seus dereitos, co compromiso expreso do Concello de proporcionarlle os medios necesarios para o desenvolvemento da súa actividade.

Polo que se refire ao procedemento, contéplase a tramitación dun expediente, regulándose as fases de iniciación, instrución e resolución para as que se outorga a competencia á Alcaldía-Presidencia, a proposta da Comisión Especial de Protocolo, e resolución, que corresponde ao Concello Pleno, baseándose nos principios de máxima transparencia, obxectividade e participación cidadá.

TÍTULO I

DISPOSICIÓN ESPECÍFICAS DO PROTOCOLO DO CONCELLO DE SARRIA.

Artigo 1.- Disposición Xeral.

O Concello de Sarria someterá o seu Protocolo á Constitución e ás leis vixentes reguladoras da materia.

Artigo 2.- Orde de precedencias da Corporación Municipal.

2.1.- O Alcalde, máxima autoridade do Concello, ostenta a súa representación, e a da Corporación que preside, razón pola que sempre ocupa o lugar central e preferente, presidindo, en principio, todos os actos nos que participe.

2.2.- Os demais membros da Corporación Municipal posúen a dignidade propia do seu cargo, polo que atendendo á presenza do Alcalde e ao principio de proporcionalidade da representación política propia de cada un dos electos, a orde de colocación será:

- O Alcalde
- Os Tenentes de Alcalde, pola súa orde.
- Os Portavoces dos Grupos Políticos, segundo a orde de listas máis votadas.
- Os Concelleiros do/s Grupo/s de Goberno, tendo en conta a orde interna das listas eleitorais.
- Os Concelleiros do/s Grupos/s da Oposición, pola orde das listas máis votadas, consonte ao contido delas.

Artigo 3.- Distintivos.

3.1.- En todos os actos de carácter oficial ou nos representativos dotados de solemnidade pola súa especial significación, o Alcalde e Concelleiros deberán portar o Distintivo da súa condición.

- O Alcalde levará o Colar coa Medalla – Escudo da Vila de Sarria, e, no seu caso, o bastón de mando.
- Os Concelleiros levarán o Cordón coa Medalla – Escudo da Vila de Sarria.

3.2.- Os membros da Corporación Municipal, nas ocasións que deban ostentar estes distintivos, procurarán vestir de xeito acorde co acto e coa representación que lles corresponde.

Artigo 4.- Comisión Especial de Protocolo.

4.1.- Será creada a Comisión Especial de Protocolo, que será presidida polo Concelleiro – Delegado de Protocolo, agás que o Alcalde reserve para él a súa presidencia.

4.2.- Formarán parte dela os Portavoces dos Grupos Políticos e actuará como Secretario da Comisión o da Corporación ou funcionario no que delegue.

TÍTULO II

ACTOS OFICIAIS DO MUNICIPIO, CLASIFICACIÓN E PRESIDENCIA.

CAPÍTULO I.- ACTOS OFICIAIS.

Artigo 5.- Clasificación dos actos.

Os actos municipais, aos efectos deste Regulamento, clasifícanse en:

- Actos de carácter general: Son todos aqueles que se organicen institucionalmente polo Concello con ocasión de conmemoracións ou acontecementos de grande importancia para a vida cidadá municipal.
- Actos de carácter especial. Son os organizados polas distintas Concellerías ou polas Xuntas Municipais ou Veciñais, propios do ámbito específico dos seus respectivos servizos, funcións ou actividades.

Artigo 6.- Actos Oficiais.

Nos actos oficiais manterase o orde de precedencia establecido neste Regulamento.

Artigo 7.- Presidencia nos actos municipais.

7.1.- A Presidencia dos actos municipais, calquera que sea o seu carácter, corresponderá o Alcalde.

7.2.- Dentro do término municipal de Sarria o Alcalde, en todo caso, actúa co carácter de “anfitrión”, propio da Presidencia, máis en actuación deferente poderá desprazala, compartila o cedela. No caso de que o Alcalde ceda a Presidencia, colocarse á esquerda de aquel que pase a ocupala.

7.3.- Aqueles actos municipais que no presida o Alcalde de Sarria, serán presididos polo Tenente de Alcalde o concelleiro designado pola Alcaldía.

7.4.- Cando a un acto municipal concorran outras autoridades da Administración Xeral do Estado ou Autonómica, estarase ao disposto no ordenamento Xeral de precedencias do Estado do 4 de agosto de 1983 e demais disposicións vixentes.

7.5.- No caso que se pronuncien discursos seguiránse as precedencias sinaladas neste Regulamento.

CAPÍTULO II.- SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN

Artigo 8.- Sesión constitutiva da Corporación.

8.1.- A toma de posesión da Corporación municipal e do seu alcalde revestirase da maior solemnidade, coa concorrencia da Policía Municipal de gala.

8.2.- Cando se substitúa algún membro da Corporación durante o mandato corporativo, procurarase que a toma de posesión revista a maior dignidade, coa cerimonia de xuramento ou promesa e os saúdos tradicionais de cortesía.

8.3.- O presidente da Mesa de Idade entregaralle ao novo alcalde o bastón de mando que o acredita como tal.

CAPÍTULO III.- DOS MATRIMONIOS.

Artigo 9.- Disposicións Xerais.

9.1.- Para a celebración de Matrimonios Cívics na Casa do Concello, e polo Alcalde e Concelleiros nos que delegue, estarase ao establecido no Código Civil, na Lei do Rexistro Civil e no Regulamento da Lei de Rexistro Civil

9.2.- O Alcalde ou Concelleiro no que delegue deberán comparecer ataviados consonte á natureza e prestixio do acto e ostentarán o Distintivo da súa condición.

Artigo 10.- Lugar de celebración.

10.1.- Para a cerimonia do Matrimonio Civil o Concello de Sarria, disporá da Sala de Plenos ou local axeitado para resaltar a dignidade do acto e a acollida de acompañantes, debendo estar o local preparado para ese efecto.

10.2.- No caso de uso de elementos decorativos para solemnizar o acto, correrá pola conta dos conraintes tanto a instalación como a retirada dos elementos florais ou doutra natureza que se empreguen, así como a limpeza dos restos de elementos festivos que sexan usados polos acompañantes.

Artigo 11.- Intervencións na cerimonia.

No desenvolvemento do acto, na medida do posible, poderanse admitir intervencións persoais ou expresións artísticas que solemnicen a celebración e o sentido cívico da mesma e non se admitirán actuacións que supoñan alteración das normas da convivencia, que vaian contra a dignidade do acto, ou supoñan molestia ou perigo para os concurrentes ao acto ou para o resto dos cidadáns tanto no interior como no exterior do lugar onde se celebre o casamento.

CAPÍTULO IV.- DAS EXEQUIAS E ACTOS DE LOITO OFICIAL.

Artigo 12.- Loito Oficial

12.1.- Por Resolución do Alcalde – Presidente do Concello de Sarria determinarase o Loito Oficial con ocasión de feitos de transcendencia nacional, autonómica, comarcal ou local.

12.2.- Na Resolución sinalaranse todas as accións programadas en sinal de respecto ou condoenza. Estas accións poderán ser:

- A suspensión de todos os actos públicos oficiais de natureza municipal, no tempo que dure o loito declarado, así como a de actos festivos, culturais e deportivos, que, segundo as circunstancias, de cada caso, podan ser adiados en sinal de loito.
- O arriado de bandeiras exteriores en todos os edificios municipais e, no seu caso, con colocación nelas de crespóns negros.
- Facer declaración institucionais de condoenzas, con reunión corporativa, á que se lle dará publicidade, e participación nas manifestacións públicas que se podan programar baixo lemas institucionais ou consensuados e coa preminencia que á Corporación lle corresponde na presidencia das mesmas.
- A inserción de esquelas nos medios de comunicación, envíos de comunicacións a familias e institucións, a realización de homenaxes florais, a presenza de representación corporativa nos actos programados e a organización de actos píos acostumados consonte á personalidade de extinto.
- En ocasións excepcionais, nas que as circunstancias o aconsellen, e mediando consentimento das familias afectadas, a instalación da capela ardente poderá ter lugar no Salón de Plenos.
- Tamén participará a Corporación nos actos póstumos de homenaxe a Fillos Adoptivos e Predilectos de Sarria, e figuras sobranceiras merecedoras de esa expresión, e nos aniversarios ou celebracións en que se exalte a figura de sarrianos ilustres.

12.3.- No caso de que o loito oficial veña dado por actuacións de instancias estatais ou autonómicas, as acción a seguir, na medida do posible, seguirán as pautas sinaladas nos acordos oficialmente comunicados.

Artigo. 13.- Fallecemento de membros de la Corporación municipal.

No caso de falecementos de persoas que como Alcaldes – Presidentes do Concello de Sarria ostenten ou ostentasen en calquera tempo esa función representativa, e contando sempre co consentimento das respectivas familias, darase realce á figura con notas necrolóxicas, esquela institucional, participación corporativa nos actos fúnebres e, como sinal de homenaxe, coa colocación en lugar de honra dos distintivos propios da Corporación, e aqueles outras accións que para resaltar a súa personalidade se podan acordar.

CAPÍTULO V.- DA IRMANDADE CON OUTROS MUNICIPIOS E COMUNIDADES.

Artigo. 14.- Irmandamento.

14.1.- O Concello de Sarria poderá establecer relacións de irmandamento con Concello dos máis diversos ámbitos xeográficos.

14.2.- O Irmandamento será solemnizado por medio de Carta na que se establezcan os vínculos a reforzar e todos aqueles aspectos que axuden á colaboración entre os Concellos respectivos, asociación, clubs, colexios, entidades e cidadáns.

14.3.- Os intercambios e actuacións conxuntas, para os que se pode contar coa colaboración de asociación específicas, ou de outras establecidas no termo municipal, deberán estar presididas por representantes municipais, e contarán coa participación de representantes dos grupos políticos no Concello.

14.4.- As diferentes Cartas ou Protocolos de Irmandamento serán consideradas anexos do presente Regulamento.

Artigo 15.- Procedemento.

15.1.- A aprobación do expediente de Irmandamento será aprobado polo Pleno do Concello, a proposta do Alcalde – Presidente.

15.2.- Os actos a desenvolver con motivo do Irmandamento con outra cidade serán establecidos polo Alcalde – Presidente do Concello, así como o lugar e a data para a firma do irmandamento.

15.3.- O acto solemne da firma dos acordos de Irmandamento terá a seguinte orde do día:

- Lectura pública do texto íntegro do acordo de irmandamento.
- Firma da Carta ou Protocolo de irmandamento polos alcaldes ou representantes municipais de ambas as dúas Cidades.
- Palabras dos representantes das Cidades irmandadas.

CAPÍTULO VI.- DA REPRESENTACIÓN DAS PARROQUIAS E BARRIOS.

Artigo 16.- Alcaldes Pedáneos.

16.1.- Nas parroquias e barrios do Concello de Sarria establécese a figura do/a Delegado/a da Alcaldía, coñecida tradicionalmente baixo a denominación de Pedáneos, a quen corresponden as funcións de representación, defensa dos intereses comunitarios, comunicación directa co Alcalde e Concelleiros – Delegados na esfera das respectivas competencias, e o prantexamento de iniciativas e actuacións en beneficio da poboación dos barrios e parroquias.

16.2.- O cargo ten a condición de honorífico e non retribuído.

16.3.- O/A Delegado/a ten carácter de representante persoal do Alcalde e estará aveciñado/a na parroquia ou barrio que exerza as súas funcións.

Artigo 17.- Asemblea de Delegados/as

17.1.- Anualmente poderá ser convocada unha Asemblea de Delegados/as da Alcaldía da que formarán parte os representantes de todas as parroquias e barrios nos que estea instituída esta función.

17.2.- A Asemblea será presidida polo representante de maior idade e actuará como secretario da mesma o representante de menor idade entre os membros presentes.

17.3.- Na Asemblea trataráanse os asuntos de interese xeral e que atendan, entre outras finalidades, á mellora de equipamento, comunicacións e actuacións de tipo social, cultural ou deportivo que se deban facer presentes diante do Concello.

17.4.- De todos os asuntos tratados levantarase a correspondente acta e o Presidente da Asemblea trasladará ao Alcalde as conclusións, suxerencias e estado de necesidades que se acorden polos participantes na reunión.

17.5.- Independentemente da comunicación dos acordos adoptados pola Asemblea de Delegados/as da Alcaldía, dentro do mes de outubro, os ditos/as Delegados/as presentarán por escrito estados de necesidades, suxerencias ou peticións referidos ao interese xeral da Parroquia ou barrio que representan. Así mesmo, en casos puntuais ou situación de urxente necesidade formalizarán tamén os correspondentes pregos de petición.

Artigo 18.- Distincións.

18.1.- Cada un dos Pedáneos custodiará e usará un selo no que figure o Escudo Municipal, ou no caso de legalización o Escudo Parroquial, coa denominación propia da entidade e a indicación "Pedáneo", selo que se fará figurar en todas as comunicacións escritas emanadas no exercizo da súa función, autenticándoa nos seus actos, e que lle será entregado no acto de posesión e deberá reintegrar á Secretaría cando se produza o cesamento no seu cometido.

18.2.- Os Delegados/as da Alcaldía gozarán das distincións e preminencias da súa función derivadas.

18.3.- A orde colocación protocolaria dos mesmos nos actos en que concorran varios deles, farasetendo en conta o censo das respectivas parroquias, e en caso de igualdade segundo a orde alfabética, e estando presentes en actos públicos varios pedáneos a orde de intervención farase segundo esa liña de representatividade.

18.4.- Os/as Delegados/as da Alcaldía nas parroquias ostentan a representación protocolaria das entidades ou localidades onde desempeñan as súas funcións e presidirán os actos oficiais ou de interese parroquial que se celebren, xunto co Alcalde, se este se encontra presente.

18.5.- Así mesmo, con ocasión do "Día de Sarria" programaránse actos de homenaxeás diferentes parroquias do Municipio, con presenza na presidencia dos actos do seu Delegado/a acarón do Alcalde.

18.6.- Os Delegados da Alcaldía/Pedáneos recibirán un recoñecemento pola súa labor e, será o Alcalde – Presidente do Concello de Sarria a través da Asemblea o que determinará o alcance de dito recoñecemento.

Artigo 19.- Acceso á información.

19.1.- Os Delegados/as da Alcaldía – Pedáneos recibirán todas as publicacións que para difusión sexan editadas polo Concello de Sarria, boletíns e circulares, e en especial copia das resolucións administrativas que se refiran a asuntos propios do ámbito territorial da súa función, ou que polo interese xeral de coñecemento dos veciños deben ser coñecidos por eles.

19.2.- As comunicacións dirixidas para xeral coñecemento dos vecinos expoñeráanse no correspondente taboeiro parroquial, nos Centros Cívicos e Sociais e lugares máis concorridos que se establezcan nas diferentes parroquias e barrios.

TÍTULO III

SÍMBOLOS

CAPÍTULO I.- SÍMBOLOS DO CONCELLO DE SARRIA.

Artigo 20.- Símbolos do Concello de Sarria.

Son símbolos do Concello de Sarria:

- O Escudo Municipal.
- O Estandarte Municipal.
- O Pendón Municipal.
- O Himno de Sarria.
- Os logotipos identificadores legalmente adoptados polo Concello.

Artigo 21.- O Escudo Municipal.

21.1.- A descripción do Escudo de Sarria é a seguinte: “*Escudo mantelado*”:

- *Primeiro, de azur, sostida dun terreiro ao natural a torre de homenaxe de prata, mazonada de sable, aclarada de gules e gradeada de prata, acompañada de dous leóns de ouro, rampantes e afrontados, armados e lampesados de gules, nas testas coronadas.*
- *Segundo, de prata, seis roeis de azur postos en dous paus. Mantel de azul, con catro ondas de prata e azur en punta, surmontadas dunha vieira de prata. Ao timbre, coroa real pechada”.*

21.2.- O Escudo Municipal, dotado nestes casos de singulares condicións artísticas, figurará en lugar preminente da fachada da Casa do Concello e da Praza da Vila. Tamén figurará no Salon de Plenos, Alcaldía e oficinas de xefaturas, e nos letreiros identificadores de edificios e locais de servizos municipais existentes fóra da Casa Consistorial.

21.3.- Os impresos e selos propios dos servizos administrativos e representación municipal reproducirán o Escudo Municipal, con enteiro sometemento á descripción contida na resolución pola que foi aprobado, e nasúa rotulación someteráanse ao disposto na Lei de Normalización Lingüística, podendo ser complementado pola imaxe corporativa aprobado en Pleno.

21.4.- Para reprodución e uso do Escudo Municipal por parte de particulares en publicacións, reclamos, etc. será precisa autorización municipal expresa, quedando prohibida toda modificación ou alteración dos elementos que o componen e, previa petición dos interesados.

21.5.- Para ocasións importantes disporase dun reposteiro que será colocado no balcón principal da Casa do Concello, consistente en pano en cadro de 2,8 metros de longo por 2,2 metros de ancho en tea terciopelo maxenta orlado con motivos vexetais, levando no centro o Escudo de Sarria.

21.6.- O Concello de Sarria poderá iniciar a tramitación de expedientes para a dotación de Escudo propio de cada unha das parroquias que componen o Municipio, como elementos distintivos e diferenciadores de cada unha de elas.

Artigo 22.- O Estandarte Municipal.

22.1.- O Estandarte Municipal de Sarria está organizado da seguinte maneira: “*Cadrado e terciado vertical de branco, azul e branco, cunha torre de prata aclarada de vermello e gradeada de prata, cargando a faixa central. A hasta terminada no seu extremo superior por*

unha coroa real ou por un pomo. Sobre a superficie deste estandarte, poderá poñerse o escudo de armas do Concello”.

22.2.- As medidas recomendadas para o Estandarte son:

- Para a instalación en interior de edificios: 160 centímetros.
- Para hasta ao aire libre: 200 centímetros.
- Para volteo: 140 centímetros e hasta curta de 2 metros.
- En forma de estandarte alongado e suxeito polo centro do seu ancho, sostido por unha hasta horizontal e dous cordóns, aomastro: 100 centímetros de ancho e 500 centímetros de longo.
- Para automobeis: 25 centímetros.

22.3.- Facendo campaña ás bandeiras de obrigada exhibición, figurará no Salón de Plenos e na Sala de Comisións o Estandarte Municipal, coa orde de colocación protocolariamente establecida.

Artigo 23.- O Pendón Municipal.

23.1.- O Pendón Municipal de Sarria poderá ser de armazón ríxida ou non. Será de forma cadadra, cunhas dimensións de 100 centímetros de lado, terciado vertical de branco, azul e branco, e levará as Armas Municipais completas na franxa central.

23.2.- O Pendón Municipal, permanecerá constantemente exposto en lugar destacado da Alcaldía.

23.3.- Nas ocasións nas que a Corporación interveña en actos tradicionais, desfilando corporativamente, abrirá a marcha o Pendón Municipal, portado polo membro da Corporación ao que se encomende esa honra, tradicionalmente coñecido como Síndico, quen irá acompañado polo Secretario da Corporación e o Cronista Oficial.

Artigo 24.- O Himno de Sarria.

24.1.- É Himno de Sarria a composición “*Galicia ten unha Vila...*”, consonte á música e letra recollidas no correspondente anexo.

24.2.- En todos os actos solemnes nos que interveña a Corporación Municipal deberá ser interpretado, na apertura dos mesmos, o Himno de Sarria, cando menos na súa versión musical, e de non ser posible, poderá ser substituído pola reprodución de grabación previa.

24.3.- Con ocasión da apertura das xornadas festivas oficiais e populares será obrigada a interpretación do Himno.

Artigo 25.- Os logotipos e marcas municipais.

25.1.- O Concello poderá encargar, para uso identificador da imaxe corporativa, das diferentes instalación e servizos municipais, diversos logotipos e marcas referidos á entidade corporativa, institucións municipais, actividades ou programacións, para seren usados tanto na documentación e expedientes administrativos, como na publicidade e rotulación de dependencias.

25.2.- Os referidos logotipos deberán ser obxecto de inscrición nos rexistros específicos e non se permitirá o uso por persoas ou entidades alleas ao Concello de Sarria.

25.3.- Para adopción de logotipos ou marcas seguirase expediente previo, que se someterá á aprobación do Concello Pleno, tanto se se elaboran por vez primeira como no caso de modificacións ou adaptacións.

CAPÍTULO II.- SÍMBOLOS DO ALCALDE.

Artigo 26.- O Colar

O Colar con Medalla – Escudo terá as características descritas no correspondente anexo, e serán de uso exclusivo por parte do Alcalde.

Artigo 27.- A Medalla – Escudo.

A Medalla – Escudo ten as mesmas características que a dos Concelleiros, e en ningún caso poderá ser separada do seu Collar.

Artigo 28.- O Bastón de mando.

28.1.- Será de madeira nobre, co Escudo Municipal vixentena empuñadura, e borlas e referencia ao ano do inicio do seu uso.

28.2.- No caso de que se proceda á súa substitución, o bastón que se retire será custodiado no Arquivo Municipal, o una institución museística local correspondente.

CAPÍTULO III.- SÍMBOLOS DOS CONCELEIROS.

Artigo 29.- O Cordón e Medalla – Escudo.

29.1.- A Medalla – Escudo da Vila de Sarria será entregada a todos os Concelleiros cando por primeira vez entren a ter esta condición, e consideráse de uso persoal para cada un deles, sen que veñan obrigados a reintegrala en caso de cesamento. Os Alcaldes cesantes recibirán unha Medalla – Escudo para o seu uso particular.

29.2.- O Concello dotarase de dezasete (17) medallas para actos oficiais que estarán en depósito no Concello, e que os Concelleiros utilizarán nos actos oficiais con carácter obrigatorio.

TÍTULO IV

HONRAS E DISTINCIÓNS

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 30.- Obxecto e Clasificación.

30.1.- As honras e distincións que o Concello de Sarria pode conferir a persoas e institucións nas que concorren singulares méritos, e sempre previa instrucción de expediente, será as seguintes:

- Título de Fillo/a Predilecto/a de Sarria.
- Título de Fillo/a Adoptivo/a de Sarria.
- Medalla da Vila de Sarria.
- Insignias e Broches de Vila de Sarria.
- Outras distincións honoríficas.

Artigo 31.- Carácter das Honras e Distincións.

Todas as distincións teñen carácter exclusivamente honorífico, e de recoñecemento de méritos, sen que outorguen ningún dereito administrativo ou económico

Artigo 32.- Concesión a título póstumo.

A Medalla da Vila de Sarria e os títulos de Fillo/a Predilecto/a e Fillo/a Adoptivo/a poderán ser concedidos a título póstumo.

CAPÍTULO II.- FILLOS/AS PREDILECTOS E ADOPTIVOS

Artigo 33.- Obxecto.

33.1.- O título de Fillo Predilecto ten por obxecto distinguir as persoas que, despois de nacer na Vila de Sarria, se destacasen polos seus méritos ou calidades persoais, especialmente nos ámbitos cultural, científico, social, artístico, político ou económico, ou por servizos prestados en beneficio da Cidade.

33.2.- O título de Fillo Adoptivo poderá outorgarse ás persoas que, sen nacer na Vila de Sarria, reúnan os méritos ou circunstancias establecidos no parágrafo anterior.

33.3.- Ambos os dous títulos serán considerados de igual xerarquía e da mesma honra e distinción.

Artigo 34.- Procedemento para a súa concesión.

O procedemento instrúese en tres (3) fases: INICIACIÓN, INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN.

Artigo 35.- Iniciación:

- Os distintivos e nomeamentos será outorgados previo expediente iniciado por Decreto de Alcaldía – Presidencia, ben por iniciativa propia ou a requirimento dunha terceira parte dos compoñentes do Corporación Municipal ou respondendo a petición razoada de entidades, centros de carácter oficial, institucións académicas, sindicatos, asociacións, etc. de recoñecido prestixio e solvencia con arraigo no Municipio.
- No Decreto de iniciación será nomeado o Xuíz Instructor que, necesariamente, será un membro da Corporación

Artigo 36.- Instrucción:

- O instructor do expediente levará a cabo práctica de cantas probas e actuacións contribúan a sinalar os merecementos da persoa porposta, facendo constar as delixencias realizadas, tanto se favorecen como se perxudican a proposta inicial.
- Nos casos que resulte procedente instarase do Cronista Oficial da Vila ou de outras instancias, o libramento de informes non vinculantes para unilos ao expediente.

Artigo 37.- Resolución:

No prazo improrrogable dun mes o Instructor formalizará proposta de resolución remitindo o expediente con todo o actuado á Comisión de Protocolo que a dictaminará no prazo de quince días e dará traslado dela ao Alcalde – Presidente, quen someterá o expediente ao Pleno da Corporación, sendo necesaria a maioría do número de membros da Corporación para validez do acordo que, en sesión ordinaria ou extraordinaria, sexa adoptado concedendo os distintivos ou nomeamentos propostos.

Artigo 38.- Concesión e Entrega

38.1.- A concesión de distincións e nomeamentos de honra será obxecto de entrega no Salón de Sesións do Concello, en acto público dotado de solemnidade, ao que se lle dará ampla difusión, e con asistencia do Pleno da Corporación e das autoridades e representacións que se estimen pertinentes, atendendo ás especiais circunstancias de cada caso.

38.2.- Xunto coa insignia ou medalla correspondente entregarase un Diploma co que se acredite a distinción outorgada. O Diploma irá extendido en artístico pergameo e conterá, de maneira sucinta, os merecementos que xustifiquen ou motiven a concesión honorífica.

38.3.- O acto de concesión de honra ou distinción só será revisable se a persoa galardonada modifica a súa conducta de maneira reprobable e tan profunda que os seus actos posteriores fagan indigno de figurar entre os galardoados.

Artigo 39.- Distincións.

Os retratos das persoas que sexan nomeadas Fillos/as Predilectos/as ou Adoptivos/as será colocados na Galería de Sarrianos Ilustres, ubicada en lugar destacado da Casa do Concello, que, medida do posible reunirá obras dotadas de valor artístico, e serán obxecto de outras honras, ao criterio das Corporacións Municipais que as acorden, en calquera tempo ou lugar.

CAPÍTULO III.- A MEDALLA DA VILA DE SARRIA

Artigo 40.- Obxecto.

A Medalla da Vila de Sarria ten por obxecto distinguir a aquelas persoas físicas e xurídicas que teñan destacado na súa actividade profesional, política, cultural, política ou de acción social e por razóns de orixe, familiares, de residencia ou adecuación tanto a prol de Sarria como polo seu benfacerou proxección fagan merecedoras do recoñecemento dos seus méritos.

Artigo 41.- Descrición.

A Medalla da Vila de Sarria terá o mesmo deseño que a Medalla dos Concelleiros e no anverso levará grabado o lema "*Sarria, bandeira de lecer...*" entre ramallos de loureiro e carballo e será grabada con cinta vermella.

Artigo 42.- Concesión e Entrega.

42.1.- A Medalla da Vila de Sarria concederáse por acordo do Pleno do Concello, a proposta do Alcalde – Presidente e previa instrución de expediente no que se xustifique o seu outorgamento.

42.2.- Acordada a concesión da Medalla, sinalarase a data en que a Corporación se reunirá para a entrega da distinción ao agraciado nun acto solemne.

CAPÍTULO IV.- AS INSIGNIAS E BROCHES DA VILA DE SARRIA

Artigo 43.- Obxecto.

43.1.- As "Insignias" ou botón de lapela para cabaleiros e "Broches" para señoras son distincións de honra especialmente destinados a recoñecer os servizos prestados en beneficio do Concello por calquera persoa da que así acredite ou como homenaxe e representación.

43.2.- Nos dous casos consistirán en reproducións a pequena escala do Escudo Municipal.

43.3.- Poderán concederse en dúas categorías:

- Insignia ou Broche de Prata.
- Insignia ou Broche de Ouro.

CAPÍTULO V.- OUTRAS DISTINCIÓNS HONORÍFICAS

Artigo 44.- Nominacións Festivas.

Na Vila de Sarria distingúense as seguintes Nominacións Festivas:

- As celebracións que se celebran, de data variable, con ocasión da festividade do Corpus Christi, teñen a consideración de Festa Oficial do Concello, e coa súa ocasión programaránse, baixo o patrocinio municipal actos culturais e de recoñecemento de méritos a persoas e entidades e de exaltación da sarríanidade, en colaboración coas asociacións e clubs constituídos no termo municipal.
- As Festas de San Xoán, consolidadas como Festas Populares da Vila de Sarria, contarán co patrocinio do Concello, atendendo ao seu especial significado para o que se solicitará o concurso de particulares, asociacións e clubs para a súa programación. En cada edición das Festas, será obxecto de homenaxe un dos Concellos da Comarca, seguindo a orde alfabética, con actos institucionais e culturais, que en ocasións sinaladas poderán facerse extensibles aos Municipios cos que existan elos de irmandade ou relacións históricas que xustifiquen a adicación dun día das Festas ao seu enaltecemento.

Artigo 45. – Nomeamento do/a Tambolireiro/a.

45.1.- Con ocasión das Festas de San Xoán será nomeado/a polo Alcalde – Presidente do Concello, un/unha Tambolireiro/a de Honra, a quen lle corresponderá facer o Pregón das Festas, e presidir co Alcalde todos os actos oficiais que se programen.

45.2.- A nominación recaerá en persoas, asociacións ou entidades que pola súa especial vinculación con Sarria e a súa vida social, cultural, económica ou asistencial teñan contribuído á defensa e difusión dos valores propios da comunidade local, ou que polo seu altruismo e méritos persoais se fagan acreedores ao especial recoñecemento dos seus concidadáns.

Artigo 46.- Adicación de Rúas, Prazas, Edifícios e Monumentos.

46.1.- O Pleno da Corporación a proposta da Comisión de Protocolo, en casos excepcionais, poderá designar vías públicas, complexos urbanos ou instalacións municipais co nome de persoas, datas ou institucións que teñan especiais vínculos con Sarria e a súa Comarca dando así recoñecemento ao seu significado e aos seus méritos e servizos extraordinariamente acreditados.

46.2.- É competencia municipal:

- A facultade de denominación de vías públicas, urbanizacións e complexos urbanos que se exercerá, sen perxuízo de que os promotores urbanísticos ou asociacións vecinais formulen as propostas que estimen pertinentes, dando preferencia ao mantemento das denominacións de paraxes e zonas historicamente documentadas e, en todo caso, con sometemento á Lei de Normalización Lingüística.
- A numeración de edificacións e solares.
- A erección de monumentos ou a colocación de placas conmemorativas ou de recoñecemento de persoas que teñan especial vinculación con Sarria ou a súa Comarca.

46.3.- Na tramitación do expediente coidarase de atender ó seguinte:

- Pedimento de informe ao Cronista Oficial da Vila, de carácter non vinculante.
- As publicacións que recollan o Nomenclator de parroquias, lugares, barrios, vías, parques, rúas e prazas conterán a denominación oficial, sen introducción de variantes, esixindo ao promotor das publicacións o sometemento á normativa de aplicación.
- Nos rexistros, censos e relacións propios de calquera Administración, nos que se recollan datos toponímicos, Nomenclator e rúas do termo municipal de Sarria deberán facerlo con enteira corrección.

46.4.- Naqueles casos no que se detecte un uso incorrecto das denominacións establecidas, o Concello de Sarria velará polo seu correcto uso levando adiante as actuacións conducentes á evitación de toda alteración ou modificación das denominacións oficiais.

46.5.- No suposto de que unha rúa, praza ou edificación se adiquen a honrar a persoas, xunto co nome ou pseudónimo que se use para distinguila, farase figurar a referencia profesional ou actividade identificadoras das mesmas.

Artigo 47.- Homenaxes Persoais.

O Concello concederá unha Praca de Honra a aqueles/as veciños/as que alcancen a idade de 100 anos, en acto sinxelo a celebrar, se as condicións físicas do/a homenaxeado/a o permiten, no Salón de Plenos do Concello, e procurando a realización nun acto conxunto ou noutro evento similar, deixando memoria gráfica da súa celebración.

CAPÍTULO VI.- O LIBRO REXISTRO DE HONRAS E DISTINCIÓNS E O LIBRO DE OURO DE SARRIA

Artigo 48.- Libros.

- Créase o Libro – Rexistro de Honras e Distincións, con formato acorde co prestixio necesario nesta materia, e no que se recollerán as referencias de expediente de concesión, motivacións, datos persoais, datas e acordos.
- O Libro de Ouro de Sarria será un libro, artisticamente singularizado, que recollerá nas súas páxinas os testemuños escritos polas persoas e cargos de especial relevancia política, cultural, deportiva, económica ou social que, por calquera motivo, estean presentes dentro do termo municipal, en ocasión de visitas oficiais, actos ou desprazamentos, e para constancia da súa significada presenza no Municipio.

Artigo 49.- Custodia e actualización dos Libros.

49.1.- A Secretaría da Corporación coidará de que se leve un rexistro no que se recollan as circunstancias persoais dos favorecidos con distincións, con relación detallada dos méritos, data de concesión e, no seu caso, a data de falecemento de quen reciba esa honra.

49.2.- O Cronista oficial da Vila será o encargado de recoller os datos oportunos e entregarallos á persoa responsable do Arquivo Municipal, que se encargará da confección dos mesmos e de telos ao día.

Artigo 50.- Acceso ao contido dos mesmos.

A persoa encargada do Protocolo, solicitará os Libros ao responsable do Arquivo Municipal para a posta a disposición do visitante, reintegrándoos seguidamente ao Arquivo.

CAPÍTULO VII.- GALERÍA DE ALCALDES

Artigo 51.- Presentación e difusión.

51.1.- O retrato dos sucesivos Alcaldes – Presidentes do Concello de Sarria, a partir do primeiro Concello Constitucional constituído en 1820, dos que se dispoña referencia, será colocados seguindo a orde cronolóxica, en lugares destacados da Casa do Concello, con placa na que se indiquen o nome e apelidos e se resuma o seu tempo de permanencia na Alcaldía de Sarria.

51.2.- A Galería complementarase coa recopilación documentada das biografías dos sucesivos Alcaldes – Presidentes, á que se lle dará a debida difusión.

CAPÍTULO VIII.- DISTINCIÓNS AOS MEMBROS DA POLICÍA LOCAL DE SARRIA

Artigo 53.- Concesión da Medalla ao Sacrificio no Cumprimento do Deber.

53.1.- A Medalla ao Sacrificio no cumprimento do deber concederáse a aqueles membros da Policía Local de Sarria que, como consecuencia, da perda funcional ou anatómica que non constituía incapacidade permanente para o servizo, sufran lesións graves no cumprimento das súas funcións.

53.2.- Será concedida xunto con Placa de Prata en recoñecemento dos méritos dos membros da Policía Local de Sarria que no exercizo das dúas funcións falezan ou padezan perda de membro antómico principal ou calquera outra eiva que constituía incapacidade permanente para o servizo.

Artigo 54.- Descrición.

A Medalla ao Sacrificio no cumprimento do deber será un círculo de 40/45 milímetros no que se colocará o Escudo de Sarria en proporción do diámetro sinalado, feito en metal prateado, riba de fondo branco. O reverso será liso e levará a seguinte descrición: "*Ao mérito. Policía Local. Sarria*".

Artigo 55.- Colocación.

Colocarase riba da parte superior un pasador metálico prateado. A Argola terá un diámetro de 15 milímetros, tendo a cinta 45 milímetros de lonxitude e 30 milímetros de anchura.

TÍTULO V

CRONISTA DO CONCELLO

CAPÍTULO I.- NOMEAMENTO DO CRONISTA OFICIAL DA VILA DE SARRIA.

Artigo 56.- Requisitos

O nomeamento de Cronista Oficial da Vila de Sarria recaerá sobre unha persoa de recoñecido prestixio e con amplos coñecementos da historia local e da realizadade sociocultural do Concello de Sarria, que se encargará da investigación, conservación e divulgación do seu pasado histórico.

Artigo 57.- Obxetivos.

- Conservar para o futuro os recordos do noso pasado, xa sea en forma documental, tradicións, costumes, etc.
- Conservar para o futuro todo o que ocorrendo na actualidade poda ter interese para as vindeiras xeracións.

Artigo 58.- Coñecementos.

O Cronista Oficial da Vila de Sarria deberá ter un amplo coñecemento do territorio municipal, da súa historia, das súas tradicións, manifestar un recoñecido cariño a todo o referido a Sarria, así como ter a súa residencia no termo municipal sarriano, agás excepción que o Concello estime xustificada.

Artigo 59.- Iniciación.

- O procedemento para o nomeamento de Cronista Oficial da Vila de Sarria iniciarase por resolución da Alcaldía - Presidencia, xa sexa de oficio ou a proposta da Comisión de Protocolo.
- Á proposta de iniciación do expediente deberá acompañarse memoria na que se especifiquen os méritos que concorren no candidato proposto, xunto con recensións biográfica e bibliográfica.

Artigo 60.- Instrución.

- A instrución do expediente dirixirase a acreditar e valorar os méritos do candidato en canto á súa obra ou actividade relativa á cidade de Zaragoza.
- O expediente será informado polo Servizo de Cultura e polo Arquivo Municipal.
- Durante a tramitación do expediente poderanse solicitar facultativamente informes de entidades de recoñecido prestixio na materia. Os devanditos informes non terán, en ningún caso, carácter vinculante.
- Antes de formularse a proposta de nomeamento darase audiencia do expediente ao candidato ou candidatas.

Artigo 61.- Resolución.

O nomeamento de Cronista Oficial da Vila de Sarria acordarase polo Pleno do Concello, a proposta do Alcaldía – Presidencia ou da Comisión de Protocolo.

CAPÍTULO II.- CONTIDO DO TÍTULO DO CRONISTA

Artigo 62.- Carácter honorífico.

O título de Cronista Oficial da Vila de Sarria é puramente honorífico e non leva aparellado o dereito a percibir retribución económica ningunha.

Artigo 63.- Duración.

O título de Cronista Oficial da Vila de Sarria terá unha duración de seis (6) anos, podendo ser reelegido ao remate de dito período. Non obstante, poderá cesar por decisión propia, finalización do seu mandato ou, en caso de incumprimento das súas obrigas, por acordo do Pleno do Concello.

Artigo 64.- Distinción e dependencia.

64.1.- O Cronista Oficial dependerá orgánicamente da Delegación de Cultura do Concello, que lle proporcionará os medios materiais e humanos necesarios para o exercizo do seu labor. Así mesmo, o Concello de Sarria facilitaralle os locais necesarios para que poida desenrolar o seu traballo e arquivar os fondos.

64.2.- Nos actos oficiais aos que asista ocupará o lugar que se lle sinala corespondendo a súa distinción, e como atributo da súa función exhibirá a Medalla – Escudo, propia dos Concelleiros, como membro de honra da Corporación.

Artigo 65.- Obrigacións.

O Cronista Oficial comprométese a realizar as seguintes tarefas:

- Anualmente confeccionará un proxecto de actividades que deberá presentar antes do mes de setembro, incluíndo o presuposto necesario para o mantemento da función.
- Anualmente presentará ao Concelleiro/a Delegado/a de Cultura a memoria das actividades realizadas no ano anterior, na que constarán as correspondentes xustificacións dos gastos.

Artigo 66.- Funcións.

O título de Cronista Oficial terá as seguintes funcións:

- Recoller os datos e informacións do tempo presente que podan ter importancia no futuro, xa sexa en forma escrita, gráfica, videográfica, audio, informática ou calquera outro soporte que poda ser arquivado.

- Recopilar e recuperar as tradicións e costumes da vila e o seu municipio, evitando que se podan perder.
- Recuperar documentos históricos referidos a Sarria, xa sexa na súa forma orixinal como por copias, para que podan servir para o desenvolvemento das investigacións históricas, polo que deberá manter colaboración co Arquivo Municipal, co/a Bibliotecario/a Municipal e con quen poda ser responsable do servizo de Hemeroteca e Videoteca Municipal.
- Suxerir e propoñer ao Concello todos aqueles asuntos que se consideren necesarios para cumprir o seu cometido.
- Procurar que os documentos históricos custodiados no Concello, en outras institucións públicas de Sarria e en arquivos particulares se conseven en debida forma e procurar que se permita o acceso dos investigadores aos seus fondos.
- Informar preceptivamente nos expedientes que se tramiten para darlles nome ou varialo con relacións a rúas, prazas, urbanizacións, institucións ou centros públicos da administración.
- Asesorar e informar ao Concello de cuestións de heráldica, tradicións, historia, etc.
- Promover unha conciencia activa entre os sarrianos e residentes para que sexan valorados a historia, os costumes, tradicións e as realizacións culturais, artísticas e patrimoniais.
- Informar sobre libros e publicacións editados polo Concello coa finalidade de da a coñecer o Municipio e a Comarca da que forma parte e os que se refiran a temas xacobeos relacionados con Sarria.
- Atender a demanda de información de investigadores, medios de comunicación, centros de ensino e outras institucións.
- Promover os estudos e investigacións de temática xacobeas, atendendo á singular importancia histórica da Vila de Sarria a traveso do tempo e a súa proxección significada no feito das peregrinacións.
- Participar nas actividades que teñan relación coa súa función e que se desenvolvan no termo municipal ou fóra del.

CAPÍTULO III.- COMPETENCIAS

Artigo 67.- Competencia Xeral.

Sen prexuízo das competencias atribuídas por este Regulamento a distintos órganos e servizos municipais en materias concretas, todas as cuestións que se susciten referentes á figura do Cronista e á súa actividade e relacións co Concello canalizaranse a través da Alcaldía - Presidencia.

Disposición adicional.

O Alcalde – Presidente, a proposta da Comisión de Protocolo, poderá ditar as instrucións que resulten precisas en materia de protocolo e desenvolvemento deste Regulamento, así como establecer excepcións na súa aplicación cando concorran determinadas circunstancias singulares.

Disposición derogatoria.

Quedan derogados calquera normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto no presente regulamento.

Disposicións finais.

- Primeira: O presente Regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo.
- Segunda: Coincidindo coa súa entrada en vigor facilitarase copia do Regulamento a todos os responsables dos servizos municipais, para coñecemento do mesmo e a correspondente aplicación.

ANEXOS

- I. Escudo Municipal*
- II. Estandarte Municipal*
- III. O Pendón Municipal*
- IV. O Hímnio de Sarriá*
- V. Colar e Medalla - Escudo e Cordón e Medalla - Escudo*
- VI. Medalla da Vila de Sarriá*
- VII. Medallas ao Sacrificio no Cumprimento do Deber*
- VIII. Cartas de Irmandade*
- IX. Iconos representativos das Festas Populares de San Xoán*
- X. Orde protocolaria dos/as Delegados/as da Alcaldía (Pedáneos)*
- XI. Fillos e Fillas Predilectos de Sarriá*
- XII. Fillos e Fillas Adoptivos de Sarriá*
- XIII. Personaxes homenaxeados en Sarriá*

ANEXO I
ESCUDO MUNICIPAL

ANEXO II
ESTANDARTE MUNICIPAL

ANEXO III
O PENDÓN MUNICIPAL

ANEXO IV
O HIMNO DE SARRIA

ANEXO V
COLAR E MEDALLA - ESCUDO
CORDÓN E MEDALLA - ESCUDO

ANEXO VI
MEDALLA DA VILA DE SARRIA

ANEXO VII
MEDALLAS AO SACRIFICIO NO
CUMPRIMENTO DO DEBER

ANEXO VIII
CARTAS DE IRMANDADE

ANEXO IX

ICONOS REPRESENTATIVOS DAS
FESTAS POPULARES DE SAN
XOÁN

ANEXO X

*ORDE PROTOCOLARIA DOS/AS
DELEGADOS/AS DA ALCALDÍA
(PEDÁNEOS)*

ANEXO XI
FILLOS/AS PREDILECTOS/AS DE
SARRIA

ANEXO XII
FILLOS/AS ADOPTIVOS/AS DE
SARRIA

ANEXO XIII
PERSONAJES HOMENAJEADOS
EN SARRIA